

O TENIS

QUE É O TENIS: Trátase dun deporte xogado con raquetas, de xeito individual ou en parellas, que ten como obxectivo golpear a bola cara o campo contrario e que o rival non sexa quen de devolvela correctamente. Gaña o que consegue 2 de 3 sets disputados ou 3 de 5. Depende do torneo.



ORIXE HISTORICA: Xogos similares ao tenis foron practicados por sociedades e culturas en épocas antigas. Gregos, romanos, exipcios... A primeira referencia que temos, próxima aos nosos días, de un xogo similar ao tenis ten lugar en Francia co “Jeu de paume” debido que a pelota se golpeaba coa man. Xa máis tarde comezáronse a empregar raquetas.

O tenis como o coñecemos orixinouse en Europa a finais do século XVIII expandíndose principalmente polos países anglosaxóns, principalmente entre as clases altas. Actualmente este deporte universalizouse xogándose en practicamente todos os países do mundo.

É deporte olímpico dende Seúl 1988.




ASPECTOS XERAIS:

- O tenis pode ser xogado en modalidade individual (1x1) ou en parellas (2x2). En categorías masculina, feminina ou mixta (esta última só en dobres).
- Cada xogador ou parella sitúase no seu propio campo sen poder cruzar ou tocar a bola no campo contrario. O campo está dividido por unha rede situada no medio.
- Temos que pasar a bola por riba da rede de un só golpe. Antes de golpear a bola esta pode ou non dar como máximo un bote no noso campo.
- Se a pelota bota fora antes de ser golpeada por nos conseguiremos punto. Se a golpeamos aínda que fora fóra séguese co xogo.
- O tanteo nun partido de tenis divídese en set. Xógase ao mellor de 3 ou 5 sets.
- Gaña o set o equipo que consiga 6 xogos con diferenza de dous (6-0; 6-4; 6-2...). Se non se consegue esa vantaxe xógase até chegar a 7-5 ou a 6-6- Neste último caso teremos que xogar un TIE-BREAK (Desempate).
- Para gañar un xogo debemos gañar 4 puntos con vantaxe de dous. O conteo en tenis é un pouco distinto, 15, 30, 40, xogo (iguais ou vantaxe).

O CAMPO DE TENIS:

O campo de tenis mide 23.75 m x 8.23 m (individual) ou 23.75 m x 10.97 m (dobres) dividido por unha rede de 0.91 m.

O terreo de xogo é igual para a modalidade individual e a de dobres simplemente se lle engade un “pasillo” a esquerda e dereita para facer máis ancho o campo logo do saque.



O SAQUE OU SERVICIO:

Ó comezo do xogo sacárase dende o lado dereito, o seguinte punto (gañemos ou perdamos ese punto) dende a esquerda e o seguinte novamente dende a dereita. E así sucesivamente até o final do xogo.

Ao finalizar este xogo, con independencia de quen o gañe, o saque será para o contrario.

No xogo de dobres é exactamente igual coa diferenza de que cando o saque volve a ser do “noso equipo” ten que sacar o xogador que non o fixo anteriormente.

O saque en tenis realízase dende o fondo da pista, no lado que corresponda (dereita ou esquerda) e ten que botar no cadrado de saque do campo contrario que se atopa en diagonal. É dicir, se saca dende a dereita ten que botar dentro do cadrado (zona de saque) esquerdo.

En tenis existe segundo saque. E dicir, se fallo o primeiro saque teño a opción de facer un segundo. Se fallo este será “dobre falta” e polo tanto punto para o contrario. Despois disto seguiría sacando dende o outro lado (dereita ou esquerda) o mesmo xogador a non ser que o rival con ese punto gañe o xogo.

Será falta de saque se:

- Se ao sacar piso a liña. A liña en tenis é “dentro”.
- Non se saca en diagonal. (de dereita a esquerda ou de esquerda a dereita).
- Se a bola non bota dentro do cadrado correspondente. A liña en tenis é dentro.
- Se a bola toca a rede, con independencia de que esta pase ou non ao campo contrario.

COMO SE CONSEGUE PUNTO:

- Se facemos unha dobre falta de saque.
- Se a bola bota dúas veces dentro do campo contrario.
- Se a bola bota dentro do campo contrario e o rival non é quen de devolvela correctamente.
- Se a bola vai fóra.
- Se se toca a bola co corpo.
- Se golpeamos a bola no campo contrario.
- Se a raqueta ou o xogador tocan a rede.
- Se golpeamos dúas veces seguidas a bola.

A bola durante o xogo pode tocar a rede. Segundo o que pase despois dese “toque de rede” séguese xogando ou aplínase os puntos indicados anteriormente.

GOLPES BÁSICOS:

- **DRIVE:** é o golpe básico de tenis. Golpeamos a pelota coa cara interna da raqueta. Se son destro golpeo pola dereita e coa palma da man “mirando” para adiante. Se son zurdo golpeo pola miña esquerda. O golpeo faise á altura da cadeira



- **REVÉS:** a pelota golpéase coa parte “externa” da raqueta. Se son destro golpeo dende a miña zona esquerda co ombreiro apuntando cara o campo contrario e golpeando co dorso da man “mirando a bola”.
- **VOLEA:** é un golpe similar ao drive pero golpeando a bola a maior altura co drive, sempre antes de que caia por baixo da rede antes ou despois de que bote. Trátase dun golpeo ofensivo que normalmente se executa preto da rede.
- **LOB OU GLOBO:** é un golpe defensivo que busca superar por riba ao rival cando este sube á rede. Golpéase a bola de abaixo cara arriba polo que a bola realiza unha parábola.
- **SMASH OU MATE:** consiste en golpear a bola por riba da cabeza cando esta ven lenta e alta ou logo dun bote alto. Trátase dunha traxectoria descendente coa intención de decidir o punto.
- **DEIXADA:** este golpeo busca enganar ao rival. Para iso o xogador amaga que realizar un golpeo (drive, smash...) e no último momento golpea frouxo á bola para que esta caia próxima á rede.

Os golpes poden ser **planos**, **cortados** ou **liftados**.



TIPOS DE SUPERFICIE DE XOGO:

- **HERBA:** Este tipo de superficie cada vez e máis difícil de atopar, debido ao alto custo do seu mantemento. Practicamente só se atopan en Gran Bretaña.
O torneo máis coñecido que se disputa sobre esta superficie no circuito profesional é o de Wimbledon (Inglaterra). Como curiosidade sinalar que para poder disputar este torneo todos os tenistas teñen que ir vestidos de branco.
- **TERRA BATIDA:** Ao igual que ocorría coa a superficie anterior é difícil atopala fora do circuito profesional debido ao custo do seu mantemento. O sitio onde máis pistas desta superficie hai é en España, se ben o torneo máis importante do mundo disputado sobre esta superficie está en París. Trátase do de Roland Garros.
- **PISTA DURA OU DE CEMENTO:** Son as máis estendidas polo mundo debido a que á súa durabilidade e ao seu fácil mantemento. Os torneos de tenis máis importantes disputados sobre esta superficie son o US Open (Estados Unidos) e o Open de Australia.

Os catro torneos citados ao longo deste punto forman parte dos Grand Slam, por ser os torneos máis prestixiosos dos que se xogan en todo o mundo.

HERBA	TERRA BATIDA	CEMENTO
		



Amais das superficies citadas anteriormente existen outras como a **moqueta** (dende 2009 está prohibida a súa utilización en torneos internacionais) e a **madeira** (parquet), que era a superficie onde se empezou a xogar (jeu de paume).

Hoxe en día estas superficies están en desuso.